

Ano  
2011

# Memoria de actividades e memoria económica

Facultade de Economía e Empresa



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## Táboa de contidos

1. Introducción.....	3
2. Cursos e xornadas .....	7
3. Seminarios .....	21
4. Conferencias.....	23
5. Actividades das Cátedras.....	25
6. Teses de Doutoramento.....	27
7. Actividades das asociacións de estudantes.....	28
8. Outras actividades.....	30
9. Memoria económica .....	33

## da Facultade de Economía e Empresa

### 1. Introducción

A Facultade de Economía e Empresa é un dos centros máis grandes da Universidade da Coruña: no ano 2011 estudaron nesta facultade aproximadamente o 15% de todos os estudantes do campus de Coruña. Durante o ano 2011 (ano académico 2010/2011), impartíronse clases en 8 titulacións oficiais distintas (Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas, Licenciatura en Economía, Diplomatura en Ciencias Empresariais, Grao en Administración e Dirección de Empresas, Grao en Economía, Grao en Ciencias Empresariais, Mestrado Universitario en Banca e Finanzas, Mestrado Universitario en Xestión e Políticas Públicas), ademais da dobre licenciatura en Administración de Empresas e Dereito, o dobre grao en Administración de Empresas e Dereito, e os cursos e actividades vinculadas ao programa de doutoramento da facultade.

Os estudantes matriculados na facultade no ano 2011 foron, en total, 2930, dos cales 1029 matriculados nos novos plans de Grao (35,12%), 1815 matriculados nun dos dous plans de Licenciatura (61,94%) e 86 estudantes de Mestrado (2,94%); ilustración 1.





Ilustración 1. Distribución de estudantes por plans de estudos.

A maioría dos estudantes da facultade están matriculados nos títulos de Graduado ou Licenciado en Administración de Empresas. A ilustración 2 mostra a distribución de estudantes por titulacións no ano académico 2010/2011.




**Ilustración 2.** Distribución de estudantes por titulacións. 1: Grao en Administración e Dirección de Empresas; 2: Grao en Ciencias Empresariais; 3: Grao en Economía; 4: Simultaneidade Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito; 5: Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas; 6: Licenciatura en Economía; 7: Diplomatura en Ciencias Empresariais; 8: Mestrado Universitario en Banca y Finanzas; 9: Mestrado Universitario en Xestión e Políticas Públicas.


Con respecto aos alumnos de novo ingreso na facultade, 176 novos estudantes matriculáronse no Grao en Administración e Dirección de Empresas, 130 no Grao en Ciencias Empresariais, 57 no programa de simultaneidade de Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Dereito, 56 no Grao en Economía, 29 no Mestrado Universitario en Banca e Finanzas, e 16 no Mestrado Universitario en Xestión e Políticas Públicas. En total, matriculáronse por primeira vez nun dos títulos ofrecidos na facultade 464 estudantes. Por outra banda, terminaron os seus estudos de Licenciatura e Diplomatura 422 persoas: 164 conseguiron o título de Licenciado en Administración e Dirección de Empresas, 42 o de Licenciado en Economía e 216 o título de Diplomado en Ciencias Empresariais.

#### *Persoal*


No ano 2011 prestaron os seus servizos na Facultade de Economía e Empresa un total de 131 profesores, dos cales 20 a tempo parcial. A ilustración 3 presenta a distribución de profesores por departamento.




**Ilustración 3.** Distribución do profesorado por departamentos da facultade. 1: Departamento de Análise Económica e Administración de Empresas; 2: Departamento de Economía Aplicada I; 3: Departamento de Economía Aplicada II; 4: Departamento de Economía Financeira e Contabilidade.



**Ilustración 4.** Distribución do profesorado por categoría docente no Grao en Administración E Dirección de Empresas.



**Ilustración 5.** Distribución do profesorado por categoría docente no Grao en Economía.



**Ilustración 6.** Distribución do profesorado por categoría docente no Grao en Ciencias Empresariais.

Con respecto ao perfil do Persoal Docente e Investigador (PDI) da facultade, o total de quinquenios no ano 2011 é de 320, mentres que os sexenios de investigación acumulados son 44. As ilustracións 4, 5 e 6 detallan a súa distribución por cada titulación de grao. Con respecto ao Persoal de Administración e Servizos (PAS), prestaron servizo na facultade 30 persoas, das cales 7 con contrato laboral. A proporción PAS/PDI no ano 2011 é igual a 0,23.

## 2. Cursos e xornadas

### ☐ **Curso de verán: "Tendencias e perspectivas do sector turismo no novo contexto económico-social"**

- Coordinación: Rosa María Mariz Pérez e María Teresa García Álvarez.
- Datas: 30 xuño – 1 xullo de 2011.
- Lugar: Facultade de Economía e Empresa.

#### *Día 1: xoves día 30 de xuño*

- "A relevancia e características da oferta termal en Galicia". A cargo de D. Benigno Amor Barreiro, coordinador de Balnearios de Galicia.
- "As novas tendencias de compra no sector turístico". A cargo de Dona Raquel Díaz López, técnico en Turismo e propietaria dunha axencia de viaxes.
- "Posta en marcha do negocio e relación co franquiciador dende o punto de vista dun pequeno franquiciado". A cargo de Dona Silvia Mata, franquiciada de Viajes Ecuador.
- "Os Planes Turísticos e a estratexia en materia turística dun pequeno concello". A cargo de D. José Garrote, Concelleiro de Turismo do Concello de Sada.

#### *Día 2: venres 1 de xullo*

- "Promoción turística da Galicia autonómica desde 1990 até a actualidade". A cargo de D. Rubén Lois González, Catedrático de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela.
- "Contratos de xestión, aluguer, franquía e de propiedade das cadeas hoteleiras". A cargo do Dr. Manuel González Díaz, profesor de Organización de Empresas, Universidad de Oviedo.
- "O impacto e relevancia do turismo do golf". A cargo de Fernando Novo López, técnico e

colaborador coa directiva de campos de golf.

❑ **Curso de verán: “O futuro da Unión Europea: democracia, estabilidade e ampliación”.**

- Dirección: Diego Varela
- Datas: 6-8 de xullo de 2011.
- Lugar: Facultade de Economía e Empresa.
- Duración: 15 horas.

Participantes:

Dr. Giacomo Benedetto, Royal Holloway, University of London.

Dr. Thomai Filippeli, University of Buckingham.

Maurizio Giammusso, AG Real Está Investment Consultants, Milán.

Dr José Manuel Sánchez Santos, Universidade dá Coruña.

Dr Bogdan Stefanachi, University of Iasi and Academia Romana.

Temas:

- Democracia: reforma institucional, eleccións europeas, participación, opinión pública, lobbying, déficit democrático.
- Estabilidade: o futuro da estabilidade e o pacto de crecemento, o futuro do euro, o BCE e a política monetaria, prezos do cru, política enerxética.
- Ampliación: a idea de Europa, as fronteiras cambiantes da Unión, experiencias de ampliacións pasadas, os países candidatos, o caso de Turquía, a política de veciñanza.

❑ **Curso de verán: “A xestión do talento universitario nas organizacións innovadoras”**

- Dirección: Nuria Calvo Babío.
- Datas: 11 – 13 de xullo de 2011.
- Lugar: Facultade de Economía e Empresa.

*Luns 11 de xullo*

- “Desapareceu a búsqueda do talento en época de crise?”. Ana M<sup>a</sup> Entenza Vidal, directora de desenrolo de EGA Consultores.



- “Talento e innovación en Galicia. A experiencia de CENOR”. Javier González Pereira, xerente de CENOR (Central de Electrodomésticos del Noroeste, S.L.).
- “Xestión do coñecemento, capital intelectual, talento. Máis, de que estamos falando?”. Raúl Dávila Aparicio, xestor de habilidades directivas e organización. Socio de AUREN.
- “O talento dos profesionais con dificultades de inserción laboral”. Isabel Novo Corti, profesora titular e directora do Departamento de Análise Económica e ADE da UDC.
- “Novas técnicas de xestión do talento: do traballo ‘baixo corda’ á felicidade laboral”. Raúl Davila Aparicio, socio de AUREN. Santiago Vázquez Blanco, director de persoas de R.

#### *Martes 12 de xullo*

- “A xestión do talento nas spin-offs universitarias”. David Rodeiro Pazos, profesor especialista da USC.
- “Talento en feminino. Algunha diferenza?”. María Bastida Domínguez, profesora especialista da USC.
- “Universidade e innovación. Experiencias desde a Universidade da Coruña”. Braulio Pérez Arcay, director de innovación da Fundación da UDC.
- “O talento á hora de emprender. A experiencia do BIC Galicia”. M<sup>a</sup> Teresa Cancelo Márquez, directora xeral do BIC Galicia.
- “A xestión internacional do talento. Aspectos diferenciais”. Jacobo Feás Vázquez, coordinador de relacións internacionais da USC.
- “Mesa redonda: As competencias profesionais que favorecen a innovación”. Isabel Neira, profesora especialista da USC. Sara Fernández, profesora especialista da USC. Loreto Fernández, directora da Cátedra Banca Mocidade Emprendedora da USC.

#### *Mércores 13 de xullo*

- “E cando termino os estudos, que?. A venda do talento no mercado”. Nuria Calvo Babío, profesora especialista da UDC.
- “Decisión e complexidade. O emprego do talento na toma de decisións innovadoras”. Pablo López Gutiérrez, coach e mentor de innovación.
- “Talento, innovación e crecemento empresarial”. Fernando Álvarez Blanco, socio consultor de AUREN.

## ❑ I Curso de verán sobre Economía do Deporte

- Organización: Universidade da Coruña.
- Dirección: José Manuel Sánchez Santos.
- Datas: 13 – 15 de xullo de 2011.
- Lugar: Facultade de Economía e Empresa.
- Entidades colaboradoras: Fundación Observatorio Económico del Deporte, ENDE Escuela de Negocios del Deporte.

### *Mércores 13 de xullo*

#### Inauguración

- Luis Caparrós Esperante. Vicerreitor de Cultura e Comunicación da Universidade da Coruña.
- Anxo Calvo Silvosa. Decano da Facultade de Economía e Empresa.
- Eduardo Blanco Pereira. Presidente da Asociación Galega de Xestores Deportivos (AGAXEDE).
- José Manuel Sánchez Santos. Director do Curso de Verán.
  
- “A Economía do Deporte como disciplina emerxente no ámbito académico”. José Manuel Sánchez Santos. Profesor Titular de Economía Aplicada. Universidade da Coruña.
- “As finanzas dos clubs de fútbol: Crise e salarios dos xogadores”. Ángel Antonio Barajas Alonso. Profesor Contratado Doutor. Universidad de Vigo.
- “O deporte e os medios de comunicación: unha perspectiva socioeconómica”. Vicente González Radio. Catedrático de Socioloxía. Universidade da Coruña.
- MESA REDONDA: “O papel dos medios de comunicación e a industria do deporte profesional”. Modera: Xaime Calviño. Licenciado en Periodismo pola Universidad Complutense de Madrid. Socio fundador de Dez Comunicación.

### *Xoves 14 de xullo*

- “O valor mediático da industria do deporte profesional”. Pedro García del Barrio. Profesor Contratado Doutor. Universitat Internacional de Catalunya.
- “Análise da eficiencia dos entrenadores e clubs de fútbol”. Julio del Corral Cuervo. Profesor Contratado Doutor. Universidad de Castilla-La Mancha.

- “Análise de Impacto económico do deporte: Metodoloxía e práctica”. José Atilano Pena López. Profesor Contratado Doutor. Universidade da Coruña.

- “A Xestión Deportiva: oportunidades de negocio e de emprego”. Modera: Eduardo Blanco Pereira. Profesor da Facultade de Ciencias do Deporte e a EF (Universidade da Coruña) e presidente da Asociación Galega de Xestores Deportivos (AGAXEDE).

Participantes:

- Vicente Gambau Pinasa. Profesor da Facultade de Ciencias do Deporte e a EF (Universidade da Coruña) e presidente do Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física de Galicia.

- Oscar Iglesias Fernández. Licenciado en Educación Física (Universidade da Coruña) e Master en Dirección Integrada de Proxectos (Universidad de Vigo). Socio fundador e directivo da empresa Gaia Gestión Deportiva (1998-2008).

*Venres 15 de xullo*

- “Valoración de intanxibles na análise coste-beneficio do deporte: Aplicación práctica do Método de Valoración Continxente”. Pablo Castellanos García. Profesor Contratado Doutor. Universidade da Coruña.

- “Balance competitivo e incertidume no resultado: a sostenibilidade das ligas profesionais”. Plácido Rodríguez Guerrero. Profesor da Universidad de Oviedo. Director da Fundación Observatorio Económico del Deporte.

- CLAUSURA. Plácido Rodríguez Guerrero: Presidente da International Association of Sports Economists (IASE) e director da Fundación Observatorio Económico del Deporte (FOED). José Manuel Sánchez Santos. Director do Curso de Verán.

☐ **Curso de verán: “Política social europea e inclusión social: os valores en tempos de crise”**

- Coordinación: Isabel Novo Corti.

- Datas: 26 – 29 de xullo de 2011.

- Lugar: Sada.

*Martes, 26: Unha política social para a inclusión e a vida de todos e todas*

- Presentación do curso: Manoel Baña Castro e Isabel Novo Corti. Directores do Curso.
- Inauguración Alcalde do Concello de Sada / Vicerreitor de Cultura e Comunicación da Universidade da Coruña / Dirección do curso / Concelleiras de Asuntos Sociais, Cultural, Educación e Xuventude do Concello de Sada / Secretaría Xeral Igualdade da Presidencia da Xunta de Galicia / Vicepresidenta da Deputación da Coruña.
- Conferencia: As migracións, as políticas sociais e os períodos de crise. Xosé Manuel Núñez Seixas. Profesor de Historia Contemporánea. Universidade de Santiago.
- Conferencia: Traballo doméstico, xénero e migracións. Sandra Ezquerra. Doutora en filosofía e psicoloxía pola Universidade de Oregón, EE.UU.. Membro do Instituto de Goberno e Políticas Públicas da Universidade Autónoma de Barcelona.
- Conferencia: Os valores das mulleres en tempos de crise. Cristina Justo Suárez. Socióloga. Especialista en Xénero. Escritora. Empresa de consultoría Gaela.
- Mesa Redonda: A realidade das mulleres, as políticas de inclusión e os tempos de crise actual. Modera: Carmen Orgeira Naya, subdirectora xeral de Promoción da Igualdade da Secretaría Xeral da Igualdade da Presidencia da Xunta de Galicia. Begoña Riveira Barros, Directora do CEMVI. CIM de Curtis, A Coruña. Mónica Álvarez San Primitivo, presidenta de ACADAR. Rosa Carrera, ASPANAS. Mary Carmen Alonso González, Representante de Cáritas Ourense. Milagros Calvo, ANARAL.
- Obradoiro de Inclusión Expresiva acerca da Muller, realidade social e inclusión. TEATRO: Compañía Municipal de Teatro de Sada. Dirixida por Isabel Vázquez.

*Mércores, 27: O lugar da familia na educación persoal e na sociedade actual*

- Conferencia: A educación familiar e os valores no mundo actual. O papel dos medios de comunicación e a TV nas actitudes inclusivas. Mar Chicharro. Centro de Estudios Superiores Felipe II, Universidade Complutense de Madrid. Doutora en Socioloxía.
- Mesa Redonda: A familia, a calidade de vida e a inclusión social. Modera: Beatriz López González. Doutora pola Universidade da Coruña. O valor da familia na diversidade funcional. Leticia Suárez Rodríguez. Servizo de Inclusión Social, Secretaría Xeral de Familia e Benestar, Xunta de Galicia.
- Os servizos para a familia, calidade de vida familiar e os valores para unha vida digna. Manuela Vilaboy Romero. Pedagoga, educadora familiar, Servizos Sociais Concello de Xermade.

- Os servizos familiares no rural galego. Jovita Ayerbe. Técnica Sociocultural, Concello de Pontedeume.
- Os servizos municipais na educación familiar e nos apoios ás familias. Begoña Yáñez. Coordinadora Servizos Sociais e Psicóloga, Concello de Miño.
- A realidade social das familias, as súas vidas e os servizos para a calidade. Mentxu Martínez y Boo. Licenciada en Dereito (Técnica no ámbito de menores e familia).
- Os servizos autonómicos para a consecución dunha vida digna e de calidade.
- Os servizos sociais na situación actual e na atención ás persoas.
- Conferencia: Os servizos sociais e o seu valor na situación actual e a crise económica. Pedro Rial del Río. Pedagogo Social. Servizos Sociais Concello da Coruña.
- Mesa Redonda: Os servizos sociais e a realidade actual. Modera e Coordina: Mar Durán Rodríguez. Profesora Titular. Universidade de Santiago de Compostela. María José Muñiz Mirás. Presidenta da Asociación Galega de Afectados pola Síndrome de Asperger (ASPERGA). Esther Cuadrado. Licenciada en Dereito. Nai de Arturo, persoa con diversidade funcional. Julio Corredoyra Maggi. Licenciado en Cc. Políticas e Socioloxía. Diplomado en Criminoloxía. Máster en Psicoloxía Xurídica. Vivir a diversidade desde a perspectiva social e cidadán. Charo Fraga. Economista. Presidenta da Asociación Iniciativa Integra.
- Obradoiro de Interpretación Musical: a xuventude e a súa inclusión social. Aires do Padornelo.

#### Xoves, 2: Os grupos en risco de exclusión social e o valor da inclusión

- Conferencia: As migracións e as crises políticas e sociais. Guillermo Fernández Obanza. Ecodesarrollo Gaia.
- Mesa Redonda: O valor da calidade de vida en situación de exclusión. Modera e coordina: Jesús Miguel Muñoz Cantero. Profesor de M.I.D.E.. Universidade da Coruña. María Jose Caglio Vila. Xefa de servizo de Benestar social. Concello de Culleredo (A Coruña). Manuel Cenlle. Licenciado en Psicoloxía, Universidade de Santiago de Compostela. Subdirector de Tratamento do Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar. María Barreiro Gen. Licenciada en Dereito e ADE, Investigadora Universidade da Coruña. María Ramil Díaz. Doutora en Economía, Profesora da Universidade da Coruña. María Dolores López Arias. Licenciada en Filoloxía Inglesa. Master Políticas Públicas.

- Conferencia: As minorías, a súa importancia social e a crise económica. Santiago González Avión. Presidente da rede European Anti Poverty Network Galicia (EAPN). Director territorial de Galicia da Fundación Secretariado Gitano.
- Mesa Redonda: O valor da inclusión nun mundo con persoas diferentes. Obradoiro-dinámica de grupos organizado pola Cruz Vermella Galicia sobre interculturalidade utilizando os materiais e finalizando cunha dinámica dirixida aos alumnos do curso.
- Obradoiro de interpretación musical e mixturanza cultural. Música Xoven: Grupo de Metais da Banda Municipal de Sada.

Venres, 29: Os servizos educativos e sanitarios centrados na persoa e no desenvolvemento social e económico

- Conferencia: Os servizos socio-sanitarios: a súa importancia para a vida e as persoas. Javier Fernández Feijoo. Servizo de Pacientes Especiais da Facultade de Odontoloxía da Universidade de Santiago.
- . Mesa Redonda: O valor da diversidade e a importancia dunha vida para todos/as. Modera: Laura Escribano Burgos. Alanda, Madrid.
- Os servizos para a unha vida digna das persoas. Dorinda Mato Vázquez. Orientadora de Calasancias. Profesora UDC.
- O servizo educativo como servizo para as persoas. Nieves Carrera. Nai de Hugo, unha persoa con Diversidade Funcional.
- Os servizos para as persoas desde a perspectiva familiar. Xosé María Picatoste. Alumno de ADE, Universidade da Coruña.
- Os servizos desde a perspectiva da persoa. Esther Nuñez Pintos. Equipo Específico de TXDs de Pontevedra. Xunta de Galicia.
- Os servizos especializados para a cidadanía. Laura Varela Candamio. Profesora Análise Económica. Universidade da Coruña.
- Conferencia de Clausura: Javier Tamarit Cuadrado. Director de Calidade de FEAPS: Os servizos para as persoas; calidade de trato e atención.
- Clausura e entrega de Diplomas. Elena Sierra Palmeiro, Vicerreitora de Calidade e Novas Tecnoloxías da Universidade da Coruña / Dirección do Curso / Vicepresidente da Deputación / Concelleira de Educación e Xuventude do Concello de Sada / Secretaria Xeral de Familia e Benestar da Xunta de Galicia.
- Obradoiro Musical: Grupo de Gaitas de Xóvenes de Sada.

□ **Curso de “Creación de empresas universitarias, spin-offs: vía de comercialización de resultados de investigación”**

- Organización: María José Rodríguez Fernández.
- Datas: 7 – 11 de novembro de 2011.
- Lugar: Facultade de Economía e Empresa.
- Duración: 25 horas.
- Código 511/254; recoñecidos 1.5 créditos de libre elección.

*Luns 7/11/2011*

- Benvida e presentación
- Apoio a emprendedores no Concello da Coruña
- Fases na creación dunha empresa

*Martes 8/11/2011*

- Xestión do coñecemento, capital intelectual
- A universidade emprendedora e as EBT como opción de transferencia de coñecemento
- Empresas tecnolóxicas de orixe académica: concepto, beneficios

*Mércores 9/11/2011*

- ¿Como pode sobrevivir unha spin-off? Aprendendo doutros modelos
- Creación dunha spin-off universitaria: aspectos básicos, proceso de constitución

*Xoves 10/11/2011*

- ¿Como crear unha empresa de base tecnolóxica dende a UDC?
- Regulamentación da creación de empresas de base tecnolóxica nas universidades
- Experiencias spin-off. Caso de éxito GALEBOOK: Unha iniciativa empresarial de Humanidades
- Experiencias spin-off. Caso de éxito ENXENIO

*Venres 11/11/2011*

- Spin-off no SUG e no SUE: Estudo de casos
- Conclusións e Clausura do curso

❑ **Curso: "A inserción no mercado laboral"**

- Organización: Facultade de Economía e Empresa/Grupo Mejora Continua (Atlántica de Calidad e IB Consultores).
- Datas: 14 – 17 de novembro de 2011.
- Lugar: Facultade de Economía e Empresa.
- Duración: 15 horas.
- Recoñecido 1 créditos de libre elección.
- Obxectivos: ofrecer información e ferramentas que faciliten coñecer os ámbitos profesionais aos que o estudante pode optar en función do seu perfil persoal.

❑ **Xornadas intercentros de emprendemento universitario: aspectos legais e económicos**

- Dirección: Nuria Calvo Babío.
- Datas: 2 – 3 de novembro de 2011.

*Mércores, 2 de novembro de 2011*

- Benvida e presentación
- O emprendemento social. A opción descoñecida. Marta Rey García, Universidade da Coruña.
- A protección das invencións na empresa: a patente. Javier Framiñán Santas.
- A organización xurídica do comezo da actividade empresarial. José María Ameijenda Rodríguez, Ameijenda y Cidoncha Abogados
- Rexistro e protección da marca. Yago Pérez Cidoncha, Ameijenda y Cidoncha Abogados.



*Xoves, 3 de novembro de 2011*

- Actividade empresarial e Dereito contra a competencia desleal. Rafael García Pérez,
- Emprendemento en feminino. Experiencias en Galicia. Cristina López Ferro, Grupo
- Emprender ou opositar?. Claves da decisión. Nuria Calvo Babío, Universidade da Coruña
- Os instrumentos de apoio ao alcance do emprendedor. Isabel Neira Gómez, Universidade de Santiago de Compostela.

☐ **Xornadas: "Producir e Usar Electricidade: Retos Sociais e Problemas Económicos e Ambientais"**

- Organización: Facultade de Economía e Empresa; Departamento de Física da UDC
- Datas: 4 e 5 de novembro do 2011
- Lugar: Ceida - Castelo de Santa Cruz (Oleiros - A Coruña).

*Día 4 de novembro*

- Xeración e subministración eléctrica. Aspectos Críticos. Emilio Menéndez Pérez. Universidades Autónoma e Politécnica de Madrid.
- REE. A estrutura da distribución de enerxía eléctrica na península e "conectados". Fortalezas e debilidades. Manuel Lara Coira. Universidade da Coruña.
- O mercado europeo de electricidade. Isabel Soares. Facultade de Economía do Porto, Portugal.
- A Política Europea de Enerxías Renovables. Anxo Calvo Silvosa. GREFIN. Universidade da Coruña.
- O mercado ibérico da electricidade: Estrutura e funcionamento. Maite García Álvarez. GREFIN. Universidade da Coruña.
- Prospectiva tecnolóxica de xeración de electricidade e cambio climático. Mesa debate: Emilio Menéndez, Luis Balairón Ruiz (AEMET), Isabel Soares (U. de Porto) e Xavier Labandeira da U. de Vigo.

*Día 5 de novembro*

- A achega das enerxías renovables, exemplos: o sector eólico. Rosa Regueiro das Universidades de A Coruña e Santiago.
- Posibilidades de aproveitamento das enerxías renovables mariñas e a súa utilización en buques. Primitivo González da Universidade da Coruña.
- A relación do FEDER coas estratexias de Aforro e de Eficiencia Enerxética. Andrés Faiña. U. da Coruña. Cátedra Jean Monnet.
- Estratexias de transporte de viaxeiros. Transporte eléctrico: tren e vehículo eléctrico. Plans estratéxicos actuais. O caduco papel do petróleo. Mesa de debate: Estefanía Mourelle e Margarita Novales, da Universidade da Coruña
- Transporte de mercadorías nun mundo globalizado: papel nos mercados nacionais e internacionais. Xoán Ramón Doldán. Universidade de Santiago de Compostela.
- Cambios de modelo de usos da enerxía: socioloxía do cambio. Mesa debate: Ricardo García Mira, Federico Martín Palmero e Pedro Vega Marcote, da Universidade da Coruña e Pablo Meira Cartea, Universidade de Santiago.

#### ❑ **I Xornadas Universitarias sobre Economía Social e Desenvolvemento**

- Organización: Universidade da Coruña (Oficina de Cooperación e Voluntariado e Facultade de Economía e Empresa) e Fiare.
- Datas: 10 – 11 de novembro de 2011.
- Lugar: Facultade de Economía e Empresa

Xoves, 10 de novembro de 2011

- CONSUMO RESPONSABLE. CONSUMO LOCAL. Marcial Blanco (Cooperativa de Consumo Zocamiñoa) e Víctor Boga (Granxa Ecolóxica Millo e Landras).
  - Consumo responsable ou consciente. Outro xeito de ver a economía.
  - Grupos de consumo responsable ou consciente. Os modelos.
  - A granxa ecolóxica local. O ciclo pechado.
- ECONOMÍA SOCIAL E MERCADOS FINANCEIROS. David Peón. BBVA Banca Privada e Profesor da Facultade de Economía e Empresa da UDC

- Mercados financeiros, economía social e globalización.
- Regulación dos mercados financeiros, cláusulas sociais.
- Casos de estudio: crise financeira internacional, crise do euro, reforma do sistema financeiro español.

Venres, 11 de novembro de 2011

- ECONOMÍA SOCIAL. Raúl Asegurado. Presidente de Fiare Galicia.

- Concepto de Economía Social
- Economía Social e Desenvolvemento Humano
- Os 6 principios da economía social.
- Os elementos básicos da economía social: empresa, mercado, consumo, propiedade
- Realidade local, estatal e internacional da economía social

- FINANZAS ÉTICAS. Peru Sasia. Presidente de Fiare Estatal.

- Intermediación Financeira e no financeira: troco, moedas complementarias, aforro de proximidade, intermediación non bancaria, banca ética
- Casos de estudo: Banca Popolare Ética, Fiare

- ECONOMÍA SOCIAL NA CUESTIÓN NORTE-SUR. María Paz, Solidaridade Internacional.

- Comercio xusto
- Ferramentas financeiras e cooperación ao desenvolvemento
- Casos de estudo: realidades próximas de comercio xusto, intermediación financeira orientada ao apoio de comunidades do Sur...

.

- CULTURA LIBRE. Francisco Puga, Cartolab, Enxeñería Sen Fronteiras.

- Propiedade intelectual e desenvolvemento.
- Cultura libre.
- Soberanía tecnolóxica.
- Casos de estudo: software libre, farmacéuticas, obras culturais...

## ❑ **Cursos do Plan de Acción Titorial (PAT)**

O Plan de Acción Titorial (PAT) da facultade ofertou, por vez primeira unha serie de cursos de formación transversal para o alumnado. Estes cursos teñen unha duración de 1.5 horas e se realizan fora do horario académico, polo que non solapan nen entran en conflito con materias dos graos ou outro tipo de formación extra-académica, servindo para complementar a formación do estudante. O plantexamento inicial é que os diferentes cursos se impartan no primeiro e no segundo cuatrimestre do curso académico.

Os desenvolvidos durante o ano 2011 son os seguintes:

### ▪ **“Excel nivel 0”**

- Profesores: Esther Alicia Barros y Benito Pérez.
- Datás: 26 de outubro, 3 de novembro e 28 de novembro de 2011.
- Duración: 1.5 horas.
- Lugar: Facultade de Economía e Empresa.

### ▪ **“Os servizos na UDC para o alumnado”**

- Profesora: María Dolores Sánchez.
- Data: 2 de novembro de 2011.
- Duración: 1.5 horas.
- Lugar: Facultade de Economía e Empresa.

### ▪ **“Diversidade e responsabilidade social universitaria”**

- Profesora: María Dolores Sánchez.
- Data: 9 de novembro de 2011.
- Duración: 1.5 horas.
- Lugar: Facultade de Economía e Empresa.

### 3. Seminarios

#### ❑ SEMINARIO DE “MODELIZACIÓN Y PROGRAMACIÓN CON ECUACIONES ESTRUCTURALES”

- Coordinación: Domingo Calvo Dopico.
- Ponente: Dr. Jean-Pierre Lévy Mangin – Universidad de Québec (Canadá).
- Datas: 7 – 9 de xuño de 2011.

#### *Modelización e Programación*

##### Día 1

1. A modelización.
  - Presentación da modelización coa análise de estruturas de covarianzas
2. Etapas da modelización.
  - Etapas necesarias da modelización con estruturas de covarianzas
3. O modelo LISREL.
  - Presentación do modelo Lisrel
4. Programación con EQS.
  - O programa EQS 5
5. Optimización y condiciones.
  - Condicións e supostos en modelización

##### Día 2

1. Presentación do programa AMOS.
  - O programa AMOS 4.
  - O programa AMOS 5.
2. Programación gráfica e en modo texto con AMOS.
  - Diagrama de paso e programación.
3. A análise factorial confirmatoria.

- Diagrama de paso e saídas de ordenador.
- Modelos competitivos en Análise Factorial Confirmatoria con Amos 5.

### Día 3

1. A análise factorial confirmatoria de segundo nivel ou de orden 2.
  - Diagrama de paso e saídas de ordenador.
2. A modelización causal e a análise de estruturas de covarianzas.
  - Diagrama de paso e saídas de ordenador.
3. Presentación de modelos estruturais.
  - Presentación dun modelo estrutural.
  - Exercicio de alumnos e saídas de ordenador.

### ❑ SEMINARIOS DE DOUTORAMENTO

O Programa Oficial de Doutoramento en “Competitividade, Innovación e Desenvolvemento: Análise Económica e Empresarial” da Universidade da Coruña, cuxo coordinador é José Andrés Faíña Medín, celebra na Facultade de Economía e Empresa durante o ano 2011 unhas Sesións de Técnicas Estatísticas:

- 1) Venres 23 de setembro, “Análisis de la Varianza”, impartido polo Prof. Titular D. Xosé Manuel Martínez.
- 2) Sábado 24 de setembro, “Análisis clúster”, impartido pola Catedrática de E.U. Dona Pilar Uriz.
- 3) Sábado 24 de setembro, “Asociación en datos cualitativos y modelos loglineales”, impartido pola Catedrática de E.U. Dona Pilar Uriz.
- 4) Venres 30 de setembro, “Análisis factorial y de componentes principales”, impartido polo Prof. Titular D. Xosé Manuel Martínez.

5) Sábado 1 de outubro, “Análisis discriminante y regresión logística”, impartido polo Catedrático de Universidade D. José Ramón Cancelo.

6) Venres, 14 de outubro, “Datos de panel”, impartido pola Prof. Titular Dona Emma Iglesias.

7) Sábado, 15 de outubro, “Variables instrumentais”, impartido pola Prof. Titular Dona Emma Iglesias.

8) Venres, 21 de outubro, “Econometría financeira univariante”, impartido pola Prof. Titular Dona Emma Iglesias.

9) Sábado, 22 de outubro, “Econometría financeira multivariante e Introducción a la Econometría no-paramétrica y bootstrap”, impartido pola Prof. Titular Dona Emma Iglesias.

#### **4. Conferencias**

##### **□ Ciclo de Conferencias: “Crise: unha saída dende a economía social de mercado”**

En colaboración con Rotary Club de La Coruña, a Facultade de Economía e Empresa organiza un ciclo de conferencias durante todo o curso 2011-2012. O ciclo empezou o 1 de decembro de 2011 e rematará o 11 de abril de 2012. Durante o ano 2011 realizáronse as seguintes conferencias:

1 decembro, conferencia de D. Fernando González Laxe (Puertos del Estado)

14 decembro, conferencia de D. Enrique Marazuela (BBVA)

21 decembro, mesa redonda: Antonio Grandío, Carlos Estévez, David Peón, Octavio del Campo y Manuel Rodríguez.

❑ **Ciclo de conferencias: “Inclusión socio-laboral das mulleres reclusas en Galicia. Pobreza e exclusión social”**

- Coordinación: Isabel Novo Corti.

- Datas: ao longo do curso 2010-2011, dende marzo a setembro de 2011. Comezo: 15 de febreiro; remate: 19 de setembro.

15 febreiro 2011 – José Luis Quintela (Director para Galicia e Asturias INTERMON OXFAM)

26 de abril de 2011 – Cristina Justo Suárez (Consultora Gaela)

3 de maio de 2011 – Paloma Rodríguez Vázquez (Consultora Gaela)

19 de setembro de 2011 – Xosé María Picatoste Novo (Estudante Grao Economía, representante da ONG Iniciativa Integra)

19 de setembro de 2011 – María Ramil Díaz (Profesora Facultade de Economía e Empresa)

19 de setembro de 2011 – María Barreiro Gen (Investigadora da Universidade da Coruña en Inclusión sociolaboral das Mulleres Reclusas en Galicia. Licenciada en Dereito e en Dirección e Administración de Empresas).



## 5. Actividades das Cátedras

### ☐ CÁTEDRA DE EMPRESA FAMILIAR

No transcurso do ano 2010/2011, a relación de actividades levadas a cabo no marco da asignatura de libre elección “Empresa Familiar y Emprendedores” é a seguinte:

#### ▪ Mesa redonda de experiencias de empresarios familiares

- Luis Fernández Somoza (Presidente do Grupo Azkar)
- Juan José Jaén Rodríguez (Presidente do Grupo BricoKing)
- Emilio Pérez Nieto (Presidente do Grupo Pérez Rumbao e Presidente da Asociación Gallega de la Empresa Familiar)

#### ▪ Conferencias

- Antonio Abril Abadín (Conselleiro Secretario Xeral do Grupo Inditex)
- Constantino Fernández Pico (Grupo Altia)
- María Posada Enríquez (Xesgalicia, Igape)
- Salvador Rus Rufino (Grupo Rusvel)
- Enrique Sáez Ponte (Grupo Torres y Sáez)

#### ▪ Visitas a empresas

- Visita dos alumnos da Cátedra ás instalacións do Grupo Inditex no Polígono de Sabón (Arteixo)
- Visita dos alumnos da Cátedra ás instalacións do Grupo Gadisa no Polígono de Piadela (Betanzos)

▪ **Seminario: A problemática específica da empresa familiar na perspectiva do consultor e da banca**

- Manuel Baldelana Garayo (Unilco)
- Gonzalo Urdiales Serrano (Director de Productos y Segmentos, D.R. Noroeste, BBVA)

▪ **Charlas sobre distintas materias impartidas por docentes universitarios**

- Natalia Álvarez Lata (Catedrática de E.U., Área de Dereito Civil)
- Manuel Areán Lalín (Catedrático de Dereito Mercantil e Secretario do Grupo Voz)
- Anxo Calvo (Profesor Titular de Economía Financiera y Contabilidad)
- Manuel Dosío López (Carro Asociados, Inspector fiscal en excedencia, e Profesor Asociado, Área de Economía Aplicada)
- Fernando García Cachafeiro (Prof. Titular de Univ., Área de Dereito Mercantil)
- Rafael García Pérez (Prof. Axudante, Área de Dereito Mercantil)
- José Atilano Pena López (Profesor Contratado Doutor, Área de Economía Aplicada)
- Valentín Martínez Fernández (Prof. Titular de Univ., Área de Comercialización e Investigación de Mercados)
- Ricardo Ron Latas (Maxistrado suplente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Social e Catedrático de E.U. de Estudios Empresariales, Área de Dereito do Traballo)
- Manuel Vázquez Pena (Prof. Titular de Univ., Área de Dereito Mercantil).

□ **CÁTEDRA JEAN MONNET DE ECONOMÍA INDUSTRIAL EUROPEA**

No primeiro semestre do curso académico leváronse a cabo os cursos obrigatorios sobre “Microeconomía e a política de competencia da UE”. As actividades docentes dos dous cursos seguiron o calendario que se detalla a continuación:

- Microeconomía e política da competencia da UE (1 grupo de docencia), 5 horas por semana de outubro a febreiro.

- Economía Industrial Europea (3 grupos de docencia), 13,5 horas por semana de outubro a febreiro.

## 6. Teses de Doutoramento

### TESES DE DOUTORAMENTO

❑ Título: “Análisis de los estados de flujos de tesorería y la contabilidad creativa”

Doutorando: Antonio Augusto Gregorio

Data de lectura: 03/02/2011

Director: Fernando Ruíz Lamas

❑ Título: “La propagación de las variaciones de los precios de la vivienda residencial en distintos submercados regionales y provinciales: evidencia empírica del ‘efecto ola’ para el caso español”

Doutorando: José Pablo Abeal Vázquez

Data de lectura: 05/04/2011

Director: José Manuel Sánchez Santos

❑ Título: “Teoría del capital humano. Rendimientos de la educación en Panamá”

Doutoranda: Maura Esther Núñez Flores

Data de lectura: 08/04/2011

Directora: M<sup>a</sup> Jesús Freire Seoane

❑ Título: “Estudio económico de los costes de la enfermedad: aplicación empírica al caso del Alzheimer y los consumos de drogas ilegales”

Doutorando: Bruno Casal Rodríguez

Data de lectura: 13/06/2011

Directores: Berta Rivera Castiñeira e Luis Claudio Currais Nunes

❑ Título: “Análisis de la Cadena de Valor de las Empresas del Sector Textil-Confección y Estrategia de Marca en los Mercados Internacionales de Moda”

Doutoranda: Cristina Calvo Porral

Data de lectura: 27/07/2011

Director: Domingo Calvo Dopico

❑ Título: “Capacidad de Pago, Progresividad y Bienestar. Un Análisis en base a los Valores y Prioridades de Consumo”

Doutoranda: Laura Varela Candamio

Data de lectura: 16/09/2011

Directores: Andres Faíña e Jesús López-Rodríguez

❑ Título: “Desarrollo económico e inmigración irregular: una visión comparada a partir de las dinámicas México-Estados Unidos de América y Marruecos-España”

Doutoranda: Natalia Zenzes Cordera

Data de lectura: 26/09/2011

Directores: J. Venancio Salcines Cristal e M<sup>a</sup> Jesús Freire Seoane

❑ Título: “El desarrollo sostenible desde la perspectiva regional. Una propuesta metodológica”

Doutorando: Dionisio Rodríguez Álvarez

Data de lectura: 30/09/2011

Director: Federico Martín Palmero

## **7. Actividades das asociacións de estudantes**

### **❑ COMITÉ DE ECONÓMICAS, ADE E EMPRESARIAIS**

As actividades levadas a cabo durante o ano 2011 por esta asociación de estudantes se detallan a continuación:

*1. Nin límite de prazas, nin taxas, nin selectividade! Acceso libre á Universidade!*  
Campaña a favor de eliminación das Probas de Acceso á Universidade, para o acceso libre á

Universidade como único xeito de garantir o acceso en igualdade de condicións.

## 2. Campaña polos exames en galego

Campaña informativa sobre o dereito a dispor dunha copia dos exames en galego.

## 3. Rexurdir

Edición en papel de tres números do *Rexurdir* // Voceiro do Comité da Facultade de Economía e Empresa, e posta en marcha do voceiro na rede a través do blogue <http://empadeco.blogspot.com/>.

## 4. Vocabulario de Economía en lingua galega

Edición dun vocabulario de economía en lingua galega que repartíuse de balde entre os estudantes e a Biblioteca da Facultade; pódese consultar e descargar o vocabulario aquí <http://www.calameo.com>.

## 5. VI Xornadas de economía Alexandre Bóveda (30 e 31 de marzo e 5, 6, 7 de abril)

Sexta edición das Xornadas de Economía Alexandre Bóveda na Facultade de Economía e Empresa da UdC.

Entre os temas que se tratan nestas xornadas atópanse: Avaliación da situación económica; Tres apuntamentos sobre a crise; Reformas do sistema; Da refundación do capitalismo ás medidas anticrise; Déficit, débeda, crise dos servizos públicos e privatizacións; Sistema financeiro en crise?; Do FROP á LORCA; Conclusión e alternativas.

## ❑ ASOCIACIÓN DE ESTUDIANTES DE CIENCIAS ECONÓMICAS CORUÑA (AECEC)

As actividades levadas a cabo durante o ano 2011 por esta asociación de estudantes se detallan a continuación:

- Participación o 28, 29 e 30 de outubro no quinto encontro asociativo xuvenil EMAX, que reuniu na vila arousán a membros de asociación de Galicia e do norte de Portugal.
- Participación o 9 de novembro na Facultade de Dereito dende as 10:00 ata as 20:00 na mostra de asociacións organizada pola Universidade da Coruña, dende o SAPE.

- Participación no XXVIII Congreso Nacional de Junior Empresas, organizado en Bilbao o 25, 26 e 27 de novembro.

- Realización de dous eventos externos e un interno. No relativo ós externos, organización de dúas festas universitarias para Pasos de Ecuador, que serviron para dar a coñecer a asociación ó resto de alumnos da universidade, obter ganancias para subvención dos congresos ós que asistimos os socios da asociación e formar futuros eventos. No relativo ó interno, reunión coa mocidade da facultade para dar a coñecer os valores de AECEC e intentar captar novos socios que estean interesados no proxecto.

- Colaboración e traballo con EF, empresa que se adica a deseñar viaxes ó extranxeiro para estudantes. Información e organización de reunións para.

- Convenio de colaboración coa empresa de traballo temporal ADER, que ofrece traballos temporais para os estudantes adecuados ós estudos da facultade.

## **8. Outras actividades**

### **❑ Xornada de Acollida de Novo Alumnado**

Como todos os anos, a Facultade de Economía e Empresa organiza unha xornada informativa para o alumnado que comeza os seus estudos universitarios no noso centro. Esta xornada tivo lugar o mércores 14 de setembro ás 11.30 h na Aula Magna da Facultade de Economía e Empresa.

### **❑ Encontro dunha comisión da facultade co premio Nobel Joseph E. Stiglitz**

*24 de novembro de 2011*

Un grupo de profesores, estudantes de terceiro ciclo e dos mestrados da Facultade de Economía e Empresa tivo un encontro académico co Profesor Dr. Joseph Stiglitz, Premio Nobel de Economía en 2001. Este acto tivo lugar na sede da Fundación Barrié co gallo da impartición da conferencia "Pode o capitalismo ser salvado de si mesmo?" no marco das Leccións de Economía, organizadas por esta institución.

O encontro foi precedido por unhas sesións de traballo desenvolvidas polos participantes para

profundaren na obra e no pensamento do Prof. Stiglitz. Así mesmo, grazas á Fundación Barrie, transmitiuse á Facultade de Economía e Empresa da UDC a conferencia.

### ❑ III Olimpiada Galega de Economía

O sábado 18 de xuño de 2011 tivo lugar na Facultade de Economía e Empresa da Universidade da Coruña a III Olimpiada Galega de Economía, fase local de la Olimpiada española de Economía, co patrocinio económico da Universidade da Coruña e La Caixa. Participaron como organizadores as facultades do ámbito económico - empresarial das universidades de Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, así como de AGAEDES, a Asociación Galega de Ensinantes De Economía en Secundaria.

As gañadoras da III Olimpiada galega de Economía foron:

1º Lorena Noguerol Lois, do I.E.S. Río Cabe, con 7,92 puntos sobre 10.

2º Helena Piñeiro Rivas, do Colexio Manuel Peleteiro, con 7,5 puntos sobre 10.

3º Julia Fernández Pérez, do Colexio Manuel Peleteiro, con 7,25 puntos sobre 10.

As gañadoras recibiron un ordenador portátil como premio e un diploma acreditativo. Tamén foron designados o 4º e 5º posto como suplentes para a participación na fase española da Olimpiada, que xa se realizou en Castelló de la Plana os días 1 e 2 de xullo de 2011:

4º Jennifer Rodríguez Varela, do I.E.S. Ribeira do Louro, con 6,83 puntos sobre 10.

5º Borja Fernández Martínez, do I.E.S. Poio, con 6,33 puntos sobre 10.

Dado que Julia Fernández non tomou parte na fase española, as participantes nesta foron finalmente Lorena Noguerol Lois, Helena Piñeiro Rivas y Jennifer Rodríguez Varela.

Paolo Rungo, profesor da nosa facultade, foi o encargado de acompañar as gañadoras a Castelló. Todos os participantes valoraron a experiencia como interesante e sumamente enriquecedora.

❑ **Curso de Inglés**

Como todos os anos, a Facultade de Economía e Empresa organiza un curso de inglés para mellorar as competencias lingüísticas do profesorado.

Profesor: Howard Carter

Duración: 2,5 horas semanais.




## 9. Memoria económica


A continuación preséntanse os datos relativos a memoria económica de Facultade de Economía e Empresa. A táboa 1 presenta o crédito total, as obrigas recoñecidas e os pagamentos netos por capítulos de gasto. As ilustracións 7, 8 e 9 representan as distribucións de crédito total, obrigas recoñecidas e pagamentos netos por capítulos de gasto. As ilustracións 10, 11 e 12 presentan o detalle dos diferentes créditos orzamentarios dos capítulos 2, 4 e 6. A ilustración 13 detalla a execución orzamentaria por obrigas recoñecidas.

**Táboa 1.** Crédito total, obrigas recoñecidas e pagamentos netos por capítulos de gasto.


				Descrición	Crédito total	Obrigas recoñecidas	% OR/CT	Pagamentos netos	% PN/OR
5030	300C	212.	00	Reparación de edificios	11.882,31	10.447,46	87,92%	10.447,46	100,00%
5030	300C	213.	00	Reparación de maquinaria e instalacións	5.161,82	4.380,49	84,86%	4.380,49	100,00%
5030	300C	215.	00	Reparación de mobiliario e equipamentos	5.640,48	5.618,31	99,61%	5.618,31	100,00%
5030	300C	216.	00	Reparacións informáticas	573,48	565,60	98,63%	565,60	100,00%
5030	300C	220.	00	Material de oficina	25.777,81	17.549,48	68,08%	17.549,48	100,00%
5030	300C	221.	00	Subministracións	23.678,21	23.589,12	99,62%	23.589,12	100,00%
5030	300C	222.	99	Comunicacións	3.250,00	1.269,35	39,06%	1.269,35	100,00%
5030	300C	226.	01	Protocolo	4.300,00	1.969,53	45,80%	1.867,96	94,84%
5030	300C	226.	02	Información, divulgación da FEE	4.671,62	4.607,48	98,63%	4.607,48	100,00%
5030	300C	226.	06	Cursos e conferencias	1.648,00	600,00	36,41%	600,00	100,00%
5030	300C	226.	09.01	Viaxes formación alumnado	3.100,00	1.220,00	39,35%	1.220,00	100,00%
5030	300C	227.	99	Traballos realizados outras empresas	17.336,60	16.636,53	95,96%	16.636,53	100,00%
5030	300C	229.	01	Actividades culturais e deportivas	23.059,71	16.654,16	72,22%	16.654,16	100,00%
5030	300C	230.	00	Dietas	3.487,96	1.087,59	31,18%	1.087,59	100,00%
5030	300C	230.	06	Desprazamentos profesores	1.500,00	0,00	0,00%	0,00	
<b>TOTAL CAPÍTULO 2</b>					<b>135.068,00</b>	<b>106.195,10</b>	<b>78,62%</b>	<b>106.093,53</b>	<b>99,90%</b>
5030	300C	480.	03.00	Bolsas Aulas Net	12.960,00	12.780,00	98,61%	12.780,00	100,00%
<b>TOTAL CAPÍTULO 4</b>					<b>12.960,00</b>	<b>12.780,00</b>	<b>98,61%</b>	<b>12.780,00</b>	<b>100,00%</b>
5030	300C	623.	00	Maquinaria e instalacións	12.270,82	12.102,35	98,63%	12.102,35	100,00%
5030	300C	625.	00	Mobiliario e equipamento	58.113,37	41.626,03	71,63%	41.626,03	100,00%
5030	300C	626.	00	Equipamento informático	29.439,39	29.116,35	98,90%	29.116,35	100,00%
5030	300C	628.	00	Biblioteca	77.620,00	76.860,08	99,02%	76.860,08	100,00%
<b>TOTAL CAPÍTULO 6</b>					<b>177.443,58</b>	<b>159.704,81</b>	<b>90,00%</b>	<b>159.704,81</b>	<b>100,00%</b>
<b>TOTAL CRÉDITOS FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA</b>					<b>325.471,58</b>	<b>278.679,91</b>	<b>85,62%</b>	<b>278.578,34</b>	<b>99,96%</b>




**Ilustración 7:** Distribución do crédito total por capítulos de gasto (2011).




**Ilustración 8:** Distribución das obrigas recoñecidas por capítulos de gasto (2011).




**Ilustración 9:** distribución dos pagamentos realizados por capítulos de gasto (2011).



**Ilustración 10:** Detalle dos diferentes créditos orzamentarios do capítulo 2 (2011).



**Ilustración 11:** Detalle do crédito orzamentario do capítulo 4 (2011).



**Ilustración 12:** Detalle dos diferentes créditos orzamentarios do capítulo 6.




Ilustración 13: detalle da execución orzamentaria por obrigas recoñecidas (2011).